



Acción E.2. Programa de divulgación e sensibilización

boletín nº1

decembro 2018

MELLORA E XESTIÓN SOSTIBLE
DE CORREDORES FLUVIAIS
DA REXIÓN ATLÁNTICA IBÉRICA





xornadas de presentación	4
presentación do proxecto en Mieres.....	4
presentación do proxecto en Ribadeo.....	5
presentación do proxecto en Ponte de Lima.....	6
presentación do proxecto en Vegadeo.....	7
presentación do proxecto en Coirós.....	8
traballos preparatorios.....	9
diagnose e análise territorial.....	9
planificación técnica das accións de restauración.....	10
adquisición de terreos.....	11
expropiación de terreos en Ribadeo.....	11
avances nas accións de restauración.....	12
traballos en A Lagoa do Rei.....	12
traballos no enclave Río Miño-Rábade.....	13
traballos no corredor Ría de Ribadeo-Ría do Eo.....	14
divulgación e sensibilización.....	15
mesa de colectivos medioambientais da Asociación Mariñas-Betanzos.....	15
xornada Life en Ribadeo.....	15
xornada "Xestión e Control de especies exóticas invasoras".....	16
participación na presentación do proxecto Life Águeda.....	16
VIII congreso da Rede Mundial de Reservas de Biosfera Illas e Costeiras.....	17
I seminario Cátedra Emalcsa-UDC.....	17
celebración do día da Rede Natura 2000.....	18
xogo da auga Emalcsa.....	19
congreso "SER Europe Conference 2018 restoration in the Era of Climate Change".....	19
open science Cambre 2018.....	20

noite europea dos investigadores.....	20
participación no seminario Life Convive.....	21
colaboración co LIFE Capacity Building project.....	22
seminario técnico sobre ecosistemas fluviais.....	22
seminario técnico sobre xestión de áreas protexidas.....	23
coordinación dos beneficiarios asociados.....	24
reunións de coordinación.....	24
reunións de partenariado.....	25
comisións de seguimento.....	26
1ª comisión de seguimento en Galicia.....	26
1ª comisión de seguimento en Asturias.....	27



lifefluvial



xornadas de presentación

presentación do proxecto en Mieres



O 25 de xullo de 2017, dende a sede do INDUROT, en Mieres, levouse a cabo a primeira presentación do proxecto.

O acto de apertura contou coa participación do reitor da Universidade de Oviedo, Santiago García Granda, acompañado do director do INDUROT, Jorge Marquínez, e do presidente de InterEo e alcalde de Castropol, José Ángel Pérez García.



presentación do proxecto en Ribadeo

O 24 de outubro de 2017, o salón de plenos do Concello de Ribadeo acolleu a presentación no territorio do proxecto LIFE FLUVIAL. O propio anfitrión do acto, o Concello de Ribadeo, que forma parte do partenariado do proxecto, será o responsable da implementación dunha actuación de adquisición de terreos na ZEC Río Eo-Galicia ES1120002 e ZEPA Ribadeo ES0000085.



A apertura e benvida do evento contou coa participación do alcalde de Ribadeo, Fernando Suárez Barcia, o vicerreitor de Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico do Campus de Lugo da USC, Andrés Barreiro Lois, o director Xeral de Biodiversidade do Principado de Asturias, Manuel Calvo, así como os directores do INDUROT, Jorge Marquínez García, e do IBADER, Pablo Ramil Rego.



presentación do proxecto en Ponte de Lima

Coincindo coa celebración do Día Mundial dos Humidais, o 2 de febreiro presentouse o proxecto no Centro de Interpretación Ambiental das Lagoas de Bertandos e San Pedro de Arcos (Ponte de Lima, Portugal).

O acto de presentación complementouse cunha visita guiada á área de actuación en territorio portugués (LIC río Lima PTCON0020), de cara a coñecer os seus valores máis destacables e as propostas de conservación.



presentación do proxecto en Vegadeo

O auditorio Félix Menéndez da Casa de Cultura de Vegadeo acolleu o 20 de febreiro a presentación do proxecto no territorio da Reserva de Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón.

O alcalde de Castropol e presidente da Asociación InterEo, José Ángel Pérez García, abriu o acto, que contou coa asistencia de representantes das administracións locais así como do resto de integrantes do partenariado LIFE FLUVIAL.



presentación do proxecto en Coirós

O 22 de marzo, coincidindo co Día Mundial da Auga, tivo lugar a presentación do proxecto na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Ao evento, celebrado nas instalacións da Aula da Natureza de Chelo, no concello de Coirós (A Coruña), asistiron un total de 39 persoas, pertencentes tanto ás entidades que conforman o partenariado de LIFE FLUVIAL, a representantes das administracións local, supramunicipal e autonómica así como a diferentes stakeholders relevantes do territorio.



No evento contou-se coa participación e implicación dos proxectos Life Águeda (LIFE16 ENV/PT/000411) e Life Water Way (LIFE16 ENV/ES/000533). A presentación correu a cargo de José Antonio Santiso (presidente da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e alcalde de Abegondo), Francisco Quintela (alcalde de Coirós), María Gómez (consello de administración de Emalcsa) e Jorge Marquínez (director de LIFE FLUVIAL).



traballos preparatorios

diagnose e análise territorial



Dende o mes de marzo ata decembro de 2018, o INDUROT (Universidade de Oviedo) levou a cabo os traballos de campo das accións preparatorias. Durante as saídas realizouse unha cartografía xeomorfolóxica, tomáronse mostras de solo para a súa posterior análise, fíxose unha cartografía dos enclaves definindo as distintas unidades de vexetación, así como a identificación das especies exóticas invasoras e os ameneiros afectados por *Phytophthora* spp.

planificación técnica das accións de restauración

Os documentos de planificación técnica para a execución das accións de restauración foron desenvolvidos conxuntamente polo persoal do IBADER e do INDUROT, co apoio de TRAGSA, nas áreas de actuación de Galicia e Asturias respectivamente, mentres que a Universidade de Lisboa foi a encargada de proxectar os traballos previstos na localidade de Ponte de Lima (Lagoas de Bertiaños e San Pedro de Arcos).



Realizáronse traballos de campo con medición de superficies e distancias, toma de datos de diámetros e altura de especies invasoras arboradas así como establecemento de rutas e recoñecemento de vías.

Pola súa parte, os traballos complementarios de gabinete comprenderon a planimetría das zonas de actuación, a planificación dos traballos e o mapeado das tarefas a executar.


Por último, tense redactado un Plan de Continxencia co obxecto de prever as solucións a adoptar con respecto aos eventuais riscos e imprevistos que poidan xurdir durante a implementación das accións de conservación.



adquisición de terreos

expropiación de terreos en Ribadeo

Dentro das actuacións previstas por LIFE FLUVIAL inclúese a adquisición, mediante expropiación, de terreos de titularidade privada no concello de Ribadeo. Concretamente, trátase de 33 parcelas cunha superficie total de 44,5 hectáreas no ámbito da Rede Natura 2000 (ZEC Río Eo-Galicia ES 1120002, ZEPA Ribadeo ES0000085).



O uso actual das parcelas é maioritariamente forestal, coa meirande parte da superficie ocupada por plantacións de *Eucalyptus globulus*.

A mediados do mes de decembro finalizou o proceso de exposición pública do proxecto de expropiación, atopándose na actualidade á espera da pertinente autorización de ocupación por parte da Xunta de Galicia para o inicio das actuacións de recuperación dos hábitats propios do entorno.

avances nas accións de restauración

traballos en A Lagoa do Rei

Con data de 15 de outubro deron inicio as accións de conservación do enclave A Lagoa do Rei (Rábade, Lugo), situado na ZEC Parga-Ladra-Támoga (ES1120003). As tarefas de restauración comezaron pola eliminación de especies exóticas e invasoras, para mellorar a naturalidade do ecosistema, que continuarán cunha adecuación das marxes da lagoa (para a mellora dos medios ecotónicos arredor desta). En último lugar procederá á restauración con especies autóctonas para a mellora do estado de conservación do hábitat 91E0*.



A actuación está a ser desenvolvida por TRAGSA, beneficiario asociado de LIFE FLUVIAL, que conta co asesoramento científico-técnico do IBADER.



Polo momento, teñen sido eliminados máis de 250 individuos de *Populus x canadensis* e 20 individuos de *Pinus radiata*.

Os traballos teñen sido desenvolvidos en todo momento baixo criterios de baixo impacto, de maneira que se evitasen afeccións ao medio e se facilitase a conservación dos compoñentes clave dos espazos.

traballos no enclave Río Miño-Rábade

Da mesma maneira que no caso anterior, os equipos técnicos de TRAGSA e IBADER trasladáronse o 8 de novembro ao corredor fluvial do Río Miño ao seu paso por Rábade (ZEC Parga-Ladra-Támoga ES1120003) para comezar a actuar noutra das localizacións do proxecto.



A actuación deu comezo coa eliminación de especies exóticas e invasoras, así como coa retirada de ameneiros mortos por *Phytophthora* spp. Con posterioridade procederase a restaurar a vexetación de ribeira coas especies típicas do hábitat 91E0*. Esta actuación tense realizado plenamente con medios manuais, xa que accédese á ribeira a través dunha senda fluvial.

A madeira das especies exóticas leñosas eliminadas, tanto no caso anterior como neste, ten sido cedida con fins sociais a veciños do entorno.



traballos no corredor Ría de Ribadeo-Ría do Eo



O 26 de novembro LIFE FLUVIAL procedeu a iniciar a primeira fase dos traballos en Ribadeo, consistindo a mesma na eliminación de formacións de especies invasoras de porte herbáceo e arbóreas de porte baixo.

Dado que o proxecto non emprega métodos químicos no control das especies invasoras, utilizáronse medios manuais con máquinas portátiles, que permiten unha actuación selectiva, máis axeitada coa fragilidade dos espazos protexidos Natura 2000. Esta primeira fase levouse a cabo no tramo entre a Enseada de Vilavella e o Muiño das Aceas.

As principais especies invasoras sobre as que se actuou foron: *Bidens aurea*, *Zantedeschia aethiopica*, *Delairea odorata* (sin. *Senecio mikanioides*), *Oxalis pes-caprae*, *Helichrysum petiolare*, *Eucalyptus globulus*, *Acacia melanoxylon* e *Robina pseudoacacia*.

As tarefas desta primeira fase, executadas por TRAGSA baixo a dirección técnica do IBADER, déronse por rematadas o 14 de decembro.



divulgación e sensibilización

mesa de colectivos medioambientais da Asociación Mariñas-Betanzos

O 14 de febreiro, dende a Asociación Mariñas-Betanzos realizouse, en instalacións do Concello de Abegondo (A Coruña), unha exposición do proxecto á Mesa Ambiental da Asociación, a cal atópase conformada polos principais colectivos medioambientalistas que operan no territorio. O obxectivo foi recoller a opinión de ditas entidades respecto ás actuacións a levar a cabo por LIFE FLUVIAL así como de lograr a súa colaboración e implicación no desenvolvemento do mesmo.



xornada Life en Ribadeo

O 23 de marzo tivo lugar no Auditorio Municipal Hernán Naval de Ribadeo (Lugo) unha xornada divulgativa sobre Reservas de Biosfera na que desde o IBADER e o INDUROT se participou coa presentación respectiva dos proxectos LIFE BACCATA (LIFE15 NAT/ES/000790) e LIFE FLUVIAL (LIFE16 NAT/ES/000771).



xornada “Xestión e Control de especies exóticas invasoras”

No marco do Programa “Emprende na Biosfera”, co apoio da Deputación da Coruña, dende a Asociación Mariñas-Betanzos organizouse o 13 de abril na Aula de Natureza Juan Lembeye (concello de Culleredo) unha xornada dirixida tanto a profesionais do sector agroforestal como ao público en xeral, sobre o impacto das especies exóticas invasoras e a priorización de accións para unha correcta estratexia de xestión das mesmas. En dito evento, ao cal asistiron un total de 22 persoas, realizouse mención expresa á posta en marcha do proxecto LIFE FLUVIAL e ao destacado compoñente deste en relación á eliminación de especies exóticas invasoras.



participación na presentación do proxecto Life Águeda

Intervención o 18 de maio de Jorge Marquín, director do INDUROT e de LIFE FLUVIAL, na Cámara de Comercio de Águeda (distrito de Aveiro, Portugal) na sesión de presentación do proxecto LIFE ÁGUEDA (LIFE16 ENV/PT/000411).



VIII congreso da Rede Mundial de Reservas de Biosfera Illas e Costeiras

Dentro da temática “Xestión de biodiversidade, resiliencia e restauración de ecosistemas”, dende a Asociación Mariñas-Betanzos, participouse entre o 22 e o 26 de maio (Illa de Menorca), a través da presentación dun relatorio así como da elaboración e remisión dun artigo sobre o Proxecto LIFE FLUVIAL para a súa inclusión nas actas e memorias do Congreso.



I seminario Cátedra Emalcsa-UDC



No marco deste primeiro seminario da Cátedra Emalcsa-UDC (31 de maio), dende a Asociación Mariñas-Betanzos participouse cun relatorio no que se divulgou o papel da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo no seo das bacías fluviais do seu territorio, con especial relevancia para as zonas incluídas en Rede Natura 2000 así como das actuacións programadas polo proxecto LIFE FLUVIAL.

celebración do día da Rede Natura 2000

Con data de 22 de maio, dende o IBADER organizáronse unha serie de actividades enmarcadas na celebración do Día da Rede Natura 2000 dentro dos proxectos LIFE FLUVIAL e LIFE BACCATA.

En xornada de mañá visitouse unha das áreas de actuación de LIFE FLUVIAL, en concreto a Lagoa do Rei (concello de Rábade. ZEC Parga-Ladra-Támoga ES1120003). Asistiron representantes municipais, asociacións ambientalistas, investigadores do Campus de Lugo (USC) e socios de ámbolos proxectos LIFE.



Por outra parte, en xornada de tarde tivo lugar un acto na sala “Luciano Sánchez García” do IBADER que a través dunha serie de intervencións permitiu achegar aos asistentes os esforzos levados a cabo en beneficio dos espazos protexidos pola Rede Natura 2000.

xogo da auga Emalcsa

En colaboración coa Empresa Municipal de Augas de A Coruña (Emalcsa), dende a Asociación Mariñas-Betanzos levouse a cabo durante o curso 2017-2018 unha didáctica sobre o ciclo da auga na área da cidade de A Coruña, dirixido ao alumnado de 5º e 6º de primaria de centros escolares de dito ámbito territorial.




Entre as cuestións recollidas por este xogo de preguntas e respostas, para o curso lectivo 2018-2019 está prevista a incorporación dun bloque específico vinculado á temática proposta por LIFE FLUVIAL. Na fase final do concurso, celebrado o 1 de xuño na Casa da Auga de A Coruña, presentouse dita proposta acompañada dunha lona de grandes dimensións que se utilizará a modo de taboleiro de xogo.

congreso “SER Europe Conference 2018 restoration in the Era of Climate Change”

Entre o 9 e 13 de setembro de 2018 celebrouse en Reykjavik (Islandia) o congreso internacional “SER Europe Conference 2018 Restoration in the Era of Climate Change” que reuniu a diferentes expertos internacionais en temas diversos como a conservación da biodiversidade, a mitigación do cambio climático ou a loita contra a desertificación. No marco deste congreso presentouse o proxecto LIFE FLUVIAL por parte do INDUROT, co póster “Mellora e xestión sostible dos corredores fluviais na rexión Atlántica Ibérica”.

Na imaxe -Jorge Marquinez-, director do INDUROT e do proxecto LIFE FLUVIAL.



open science Cambre 2018

A Open Science de Cambre (OSC) é un evento de ciencia organizado polo club XenTD100cia, en colaboración co Concello de Cambre, destinado a por en contacto á poboación co mundo educativo e científico.

No stand que a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo organizou en dito evento (15 e 16 de setembro) dispúxose dun espazo para LIFE FLUVIAL, con información específica e realizándose ademais un traballo de promoción dos talleres escolares e os seus contidos previstos dentro do proxecto.



noite europea dos investigadores

O 28 de setembro, LIFE FLUVIAL estivo presente en Avilés (Asturias) na Noite Europea dos Investigadores da Universidade de Oviedo, un evento de divulgación científica que leva a ciencia á sociedade, incluíndo especialmente público infantil.

Durante toda a xornada desenvolveuse por parte dun equipo de INDUROT un programa de actividades lúdicas sobre corredores fluviais.



participación no seminario Life Convive

Durante os días 25 e 26 de outubro a Asociación Mariñas Betanzos participou na Xornada de Networking “Xestión e Manexo de Humidais Costeiros no Marco dos Proxectos LIFE”, organizada dentro das actividades do proxecto LIFE+ CONVIVE. Nestas xornadas participaron diferentes proxectos LIFE cun interese común na xestión dos humidais costeiros.



Marisma de Joyel. Soano (concello de Arnauero). Cantabria

A través deste seminario preténdese contribuír á mellora dos humidais costeiros e axudar a definir técnicas de restauración, xestión hidrolóxica, plans para o incremento da biodiversidade e loita contra especies invasoras.

LIFE16 NAT/ES/000771
Boletín nº1. Decembro 2018



colaboración co LIFE Capacity Building project

Os días 6 e 7 de decembro levouse a cabo no Auditorio do Edificio L do IAPMEI – Campus do Lumiar, Lisboa, a clausura do Proxecto de Capacitación Nacional LIFE LIFE14 CAP/PT/000004, coordinado pola Axencia de Medio Ambiente portuguesa, cuxo principal obxectivo é mellorar a participación no programa LIFE e aumentar o número e a calidade dos proxectos presentados anualmente. O evento incluíu unha presentación do proxecto LIFE FLUVIAL a cargo de Pedro Arsenio, membro do equipo portugués do Instituto Superior de Agronomía.



seminario técnico sobre ecosistemas fluviais

O martes 4 de decembro, realizouse un Seminario Técnico, organizado polo IBADER no Edificio Cactus do Campus de Lugo, para trasladar á poboación o importante papel que representan os ecosistemas fluviais na conservación da nosa biodiversidade. Este acto permitiu tamén aumentar a concienciación pública sobre a conservación do noso patrimonio natural e cultural asociado aos corredores fluviais e aos humidais, así como os servizos ecosistémicos prestados polos mesmos.



seminario técnico sobre xestión de áreas protexidas

O 11 de decembro, o IBADER organizou no Edificio Cactus (Campus de Lugo. USC) un Seminario Técnico para achegar á poboación os aspectos máis destacables sobre a conservación e a xestión das áreas protexidas. Este acto permitiu aumentar a concienciación pública sobre a conservación do noso patrimonio natural e cultural, así como o papel que os espazos naturais xogan na promoción do desenvolvemento sostible do territorio.



O acto incluíu unha presentación do proxecto LIFE FLUVIAL a cargo de Javier Ferreiro da Costa, quen explicou á audiencia os obxectivos e os resultados esperados e indicando o progreso acadado ata o momento.



coordinación dos beneficiarios asociados

reunións de coordinación

Como reunións de coordinación do partenariado do proxecto cabe sinalar as seguintes datas de celebración: 17/11/2017 (Mieres. Asturias); 11/05/2018 (videoconferencia); 21/06/2018 (videoconferencia) e 04/12/2018 (Lugo).



Con carácter complementario, con data de 21 de marzo de 2018 tivo lugar na sede do INDUROT (Mieres. Asturias) unha visita de control por parte de Neemo-IDOM, como responsable da monitorización do proxecto ante o Programa LIFE da Unión Europea.



reunións de partenariado

Con data de 14 de decembro, os beneficiarios asociados EMALCSA, Asociación Mariñas-Betanzos e IBADER, celebraron unha reunión na ETAP de A Telva (Cambre. A Coruña) coa finalidade do inicio da planificación dos traballos de restauración a desenvolver na ZEC Embalse de Abegondo-Cecebre (ES1110004).



A xuntanza permitiu dar os primeiros pasos para o deseño das accións de restauración de maneira coordinada coa regulación da presa en función das necesidades de subministro de auga.

comisións de seguimento

1ª comisión de seguimento en Galicia

O proxecto LIFE FLUVIAL celebrou a súa 1ª Comisión de Seguimento en Galicia o martes 11 de decembro. A xornada, organizada polos beneficiarios IBADER e Asociación Mariñas - Betanzos, desenvolveuse nas instalacións da Casa Habanera de Guitiriz (Lugo).

Os contidos desenvolvidos na primeira parte da reunión permitiron achegar de primeira man o progreso do proxecto ata o momento a todos os organismos competentes e resto de axentes implicados na xestión dos corredores fluviais.



No transcurso da segunda parte da xornada visitáronse as localidades do proxecto que foron obxecto de accións de conservación ao longo de 2018: Río Miño e A Lagoa do Rei en Rábade así como no Río Parga en Guitiriz.



1ª comisión de seguimiento en Asturias



Pola súa parte, a 1ª Comisión de Seguimento para a área de Asturias desenvolveuse na Casa da Cultura de Vegadeo con data de 13 de decembro.

No transcurso da xornada foron detalladas e avaliadas as accións levadas a cabo na Ría de Ribadeo-Ría do Eo así como presentadas as tarefas que están programadas no marco de LIFE FLUVIAL.

A información e seguimento dirixido aos organismos e entidades implicados na xestión do territorio continuou cunha visita guiada a enclaves nos que LIFE FLUVIAL actuará con traballos de restauración, en concreto ás Lagoas de Arnao e Villadún (concello de Castropol).





life
fluvial

LIFE16 NAT/ES/000771



boletín nº1

decembro 2018



socios / partners / parceiros